Estamos fartas de que se poña o acento nas vítimas, hai que ir á orixe dos comportamentos agresivos

CIG :: 21/11/2014

La secretaria de las Mujeres de la CIG aseguró que “estamos hartas de que se ponga el acento en las víctimas, hay que ir al origen de los comportamientos machistas”

Galego

Así o denunciou a secretaria das Mulleres da CIG na presentación da campaña que arredor do 25 de Novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, vén desenvolvendo a central sindical.

Unha campaña na que se lembra ás 7 mulleres galegas asasinadas a mans das súas parellas e exparellas. “Na súa honra, durante todo o mes de novembro nos locais sindicais da CIG das 7 cabeceiras de comarca colocaremos 7 siluetas dun metro sesenta de altura, identificadas co seu nome e o nome de quen as asasinou, en lembranza e homenaxe ás 7 vítimas do machismo”, explicou Corral.

Con todo, a secretaria das Mulleres da CIG asegurou que “estamos fartas de que se poña o acento nas vítimas, hai que ir á orixe dos comportamentos machistas”. Por iso no decurso desta campaña a CIG tense marcado o obxectivo de visibilizar publicamente este feminicidio, identificando comportamentos, actitudes e ideas discriminatorias, que forman parte da cultura da violencia contra as mulleres, entendendo que “para erradicar a violencia machista é preciso detectar o machismo, crear conciencia e mudar condutas”.

A pretensión da secretaría das Mulleres é que cada quen, mulleres e homes, fagan unha auto avaliación, identificando actitudes habituais que agochan un claro ou sutil machismo, “xeitos non evidentes de reproducir roles sexistas”, tendo presente que o machismo non é só a agresión física a unha muller. “A violencia non só implica golpes, tamén inclúe as ameazas, a arrogancia, as descualificacións, a discriminación, o abuso verbal, o abuso emocional, o acoso…”, afirmou.

Castellano

Así lo ha denunciado la Secretaría de las Mujeres de la CIG en la presentación de la campaña que para el 25 de noviembre, Día Internacional para la eliminación de la violencia contra las mujeres, viene desarrollando la central sindical.

Una campaña en la que se recuerda a las 7 mujeres galegas asesinadas a manos de sus parejas y exparejas. “En su honor, durante todo el mes de noviembre en los locales sindicales de la CIG de las cabeceras de comarca colocaremos 7 siluietas de un metro

sesenta de altura, identificadas con su nombre y el nombre de quien las asesinó, en recuerde y homenaje a las 7 víctimas del machismo", explicó Corral.

Además, la secretaria de las Mujeres de la CIG aseguró que "estamos hartas de que se ponga el acento en las víctimas, hay que ir al origen de los comportamientos machistas". Es así que durante el desarrollo de esta campaña la CIG se ha marcado el objetivo de visibilizar públicamente este feminicidio, identificando comportamientos, actitudes e ideas discriminatorias que forman parte de la cultura de la violencia contra las mujeres, entendiendo que "para erradicar la violencia machista es necesario detectar al machismo, crear conciencia y cambiar conductas".

La pretensión de la secretaría de las Mujeres es que cada cual, mujeres y hombres, haban una auto-evaluación, identificando actitudes habituales que ocultan un claro o sutil machismo, "modos no evidentes de reproducir roles sexistas", teniendo presente que el machismo no es sólo la agresión física a una mujer. "La violencia no sólo implica golpes también incluye las amenazas, la arrogancia, las descalificaciones, la discriminación, el abuso verbal, el abuso emocional, el acoso…", ha afirmado.

---

https://galiza.lahaine.org/estamos-fartas-de-que-se